

# ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE BÁDMINTON

CELEBRADA O 13 DE XANEIRO DE 2024 EN VIGO

En Vigo, a sábado 13 de xaneiro de 2024, reunidos os abaixo citados, sendo as 10:39 horas da comezo a Asemblea Xeral Ordinaria en segunda convocatoria no Salón de Actos da Casa do Deporte da Xunta de Galicia, sita na rúa fotógrafo Luis Ksado número 17 na localidade de Vigo.

## ASISTENTES

Presidente

- Rodrigo Sanjurjo Pose

Estamentos individuais

- Carmen Denébola Álvarez Seoane (membro polo estamento de Árbitros)
- Manuel Brea Filloy (membro polo estamento de Técnicos)
- Ana Belén Durán Montero (membro polo estamento de Árbitros)
- Sara Ezquerro Fernández (membro polo estamento de Técnicos)
- Jose Juan Fernández Iglesias (membro polo estamento de Deportistas)
- Rafael Vázquez López (membro polo estamento de Técnicos)

Estamento de clubs

- Bádminton Cíes (representado por Jorge García González)
- Bádminton Club Coruña - Oleiros (representado por Vicente Sánchez Pita)
- Club Bádminton A Estrada (representado por Jesús Pereiro Castro)
- Club Bádminton As Neves (representado por Pablo Méndez Rodríguez)
- Club Bádminton Caselas (representado por Víctor Manuel Lemos Ojea)

## ***Federación Galega de Bádminton***

Rúa Fotógrafo Luis Ksado nº17, ofic. 1º. C.P. 36209. Vigo. Pontevedra. CIF: G36645133.

Presidente: [presidentefedgal@gmail.com](mailto:presidentefedgal@gmail.com) - 630 432 524

Secretaría administrativa: [secretaria.fegabad@gmail.com](mailto:secretaria.fegabad@gmail.com) - 627 19 33 86

Competicións e árbitros: [torneos.fegabad@gmail.com](mailto:torneos.fegabad@gmail.com)

Información: [1971badgal@gmail.com](mailto:1971badgal@gmail.com)

[www.badmintongalicia.com](http://www.badmintongalicia.com)



- Club Bádminton Ourense Mestre Vide (representado por Jorge Macía González)
- Club Bádminton Pontearreas (representado por Víctor Manuel Lemos Ojea)
- Club Bádminton Ravachol Pontevedra (representado por Gabriel Fernández Ferreiro)
- Club Bádminton Tui (representado por María Luisa Giráldez Rodríguez)
- Club del Mar de San Amaro (representado por Rubén Espinosa Caridad)
- Club Deportivo Hydra (representado por J. Javier Cartón Rodríguez)
- Club Escola Rosalía Vigo (representado por Bruno Moldes García)
- Club Polideportivo Athlos (representado por María Nuria Fernández Valencia)

Desculpa a súa asistencia o Club Bádminton O Cembedo.

Asiste, como convidado, Xavier Ferreiro Prado, contable de FEGABAD para explicar os puntos 3 e 4 da orde do día, así como responder ás consultas da Asemblea sobre o plano contable.

## ORDE DO DÍA

<a href="#">1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA REUNIÓN ANTERIOR.....</a>	<a href="#">3</a>
<a href="#">2.- INFORME DO PRESIDENTE.....</a>	<a href="#">4</a>
<a href="#">3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS CONTAS ANUAIS AUDITADAS DO EXERCICIO 2021-2022.....</a>	<a href="#">7</a>
<a href="#">4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ORZAMENTO DO ANO 2024.....</a>	<a href="#">9</a>
<a href="#">5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MEMORIA DEPORTIVA DA TEMPADA 2023.....</a>	<a href="#">11</a>
<a href="#">6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA NORMATIVA DE RÉXIME INTERNO PARA A TEMPADA 2024.....</a>	<a href="#">13</a>
<a href="#">7.- PROGRAMAS DE PROMOCIÓN, TECNIFICACIÓN, CGTD, SBC.....</a>	<a href="#">16</a>
<a href="#">8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA NORMATIVA DE EVENTOS E CALENDARIO GALEGO 2024.....</a>	<a href="#">19</a>
<a href="#">9.- ROGOS E PREGUNTAS.....</a>	<a href="#">24</a>

## ***Federación Galega de Bádminton***

Rúa Fotógrafo Luis Hsado nº17, ofic. 1º. C.P. 36209. Vigo. Pontevedra. CIF: G36645133.

Presidente: [presidentefedgal@gmail.com](mailto:presidentefedgal@gmail.com) - 630 432 524

Secretaría administrativa: [secretaria.fegabad@gmail.com](mailto:secretaria.fegabad@gmail.com) - 627 19 33 86

Competicións e árbitros: [torneos.fegabad@gmail.com](mailto:torneos.fegabad@gmail.com)

Información: [1971badgal@gmail.com](mailto:1971badgal@gmail.com)

[www.badmintongalicia.com](http://www.badmintongalicia.com)

## 1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA REUNIÓN ANTERIOR

O Presidente comunica que o acta foi remitida por correo electrónico e consulta se hai algunha alegación ou comentario.

Juan Fernández (Deportistas) solicita a corrección da convocatoria da Asemblea Xeral Ordinaria de 2024, en relación aos puntos da orde do día número 6 e número 8 nos que debera facer referencia ao ano 2024 e non ao 2023.

Juan Fernández (Deportistas) solicita a corrección da acta da Asemblea Xeral Ordinaria de 2023 en relación aos seguintes aspectos:

- Cambio no conxunto: modificar a orde de presentación dos puntos tratados presentándoos na mesma secuenciación que na orde do día.
- Cambio no punto 3 e no punto 4:
  - modificar a expresión “se somete a votación” porque non se procedeu a votar;
  - facer constar que acordouse a celebración dunha Asemblea extraordinaria posterior (en verán) con estes puntos da orde do día para someter a liquidación económica de 2021 e o orzamento de 2023 a votación cando a auditoría estivese rematada.

Javier Cartón (CD Hydra) solicita a corrección da acta da Asemblea Xeral Ordinaria de 2023 en relación ao listado de asistentes, facendo constar o seu nome correctamente: debe rexistrarse Javier.

A acta da Asemblea Xeral de 2023 sométese a votación coas modificacións propostas:

- Votos a favor: 17
- Votos en contra: 0
- Abstencións: 2

### ***Federación Galega de Bádminton***

Rúa Fotógrafo Luis Hsado nº17, ofic. 18. C.P. 36209. Vigo. Pontevedra. CIF: G36645133.

Presidente: [presidentefedgal@gmail.com](mailto:presidentefedgal@gmail.com) - 630 438 524

Secretaría administrativa: [secretaria.fegabad@gmail.com](mailto:secretaria.fegabad@gmail.com) - 627 19 33 86

Competicións e árbitros: [torneos.fegabad@gmail.com](mailto:torneos.fegabad@gmail.com)

Información: [1971badgal@gmail.com](mailto:1971badgal@gmail.com)

[www.badmintongalicia.com](http://www.badmintongalicia.com)

## 2.- INFORME DO PRESIDENTE

Rodrigo Sanjurjo (Presidente) dá a benvida e agradece a presenza de todas as persoas asistentes.

O discurso comeza analizando a relación actual entre FESBA e FEGABAD que define como cordial, pero anima a todos os membros da Federación Galega de bádminton a procurar unha maior presenza no fin deste ciclo. Actualmente os intereses de Galicia están representados en FESBA por só dous votos (Bádminton Cíes e Presidente FEGABAD), unha infrarepresentación do valor da nosa Federación (en méritos deportivos, número de clubs e volume de licenzas entre outros).

Un dos aspectos preocupantes e que terán importancia nesta tempada é a Lei do Deporte e o cambio de Estatutos de FESBA. O cambio de estatutos provoca maior poder na figura do Secretario Xeral (actualmente cargo ocupado por David Serrano) e diminúe o poder territorial. Así mesmo, no próximo mes comezará a negociación do convenio de integración das federacións territoriais en FESBA. Se ben FEGABAD non pode aportar máis datos nestes momentos, avoga por defender a súa independencia e render contas ante a Xunta de Galicia que é o principal patrocinador.

En relación ás contas, cabe expresar que a auditoría externa realizou un análise moi exhaustivo e que tardaron bastante en realizala e concluíla (ata novembro de 2024 non se tiveron os resultados), se ben podemos comunicar que o resultado da auditoría foi moi positivo. A nivel territorial debemos camiñar cara a profesionalización da Federación, proba disto é a incorporación de persoal laboral que garanta a adecuada evolución e sostemento da Federación. Durante o último trimestre de 2023 incorporouse á estrutura de FEGABAD unha administrativa a media xornada, que despois do período de proba de tres meses, evolucionará a un contrato de 30 horas semanais.

### ***Federación Galega de Bádminton***

Rúa Fotógrafo Luis Hsado nº17, ofic. 12. C.P. 36209. Vigo. Pontevedra. CIF: G36645133.

Presidente: [presidentefedgal@gmail.com](mailto:presidentefedgal@gmail.com) - 630 432 524

Secretaría administrativa: [secretaria.fegabad@gmail.com](mailto:secretaria.fegabad@gmail.com) - 627 19 33 86

Competicións e árbitros: [torneos.fegabad@gmail.com](mailto:torneos.fegabad@gmail.com)

Información: [1971badgal@gmail.com](mailto:1971badgal@gmail.com)

[www.badmintongalicia.com](http://www.badmintongalicia.com)

O Presidente comunicou o seu desexo por seguir sendo exemplo de unidade federativa e tender a man a todas as persoas e clubs para traballar xuntos e xerar sinerxías para poder avanzar. O presidente pediu poder contar con todos para sumar e axudar na cantidade de traballo que hai xa que a Federación creceu moito. Nesta busca de sinerxías destacáronse tamén algúns aspectos positivos aos que dar continuidade: moitas persoas doutros clubs e federacións felicítannos pola nosa imaxe de unidade ao vernos sentados xuntos na grada, nos cantos e ánimos ou ao viaxaren xuntos, o que nos fai un exemplo a seguir no bádminton español.

Animouse a poñer velocidade de cruceiro e a ser cautelosos no gasto para non pasarnos de orzamento. A gozar dos éxitos enormes que está a lograr o bádminton galego en todas as categorías e tratando de manter as mellores condicións nas nosas competicións e tarifas, sen caer nun exceso de gasto.

Os éxitos deportivos tamén foron un dos puntos importantes do discurso do Presidente, que destacou:

- O número de metais logrados en Campionatos de España en todas as categorías de idade.
- A elite deportiva que forman os deportistas adestrando no CAR de Madrid ten a fonte principal dos seus deportistas actuais en Galicia.
- Galicia logrou subir ao podio en todas as categorías de idade no Campionatos de Seleccións, o cal fala do bo momento deportivo da nosa Federación, non só con individuos destacados, senón como equipo.
  - Ao respecto do Campionato de España de Seleccións en categoría absoluta destacouse o importante enfrontamento entre a Federación Española e a Federación Galega en relación coa participación de Lucía Rodríguez. A Dirección Deportiva de FESBA e o equipo técnico da Blume/CAR consideraron que Lucía tiña risco de lesión e non permitiron a súa participación, malia ter sido convocada. FEGABAD e o club sentiron que

## ***Federación Galega de Bádminton***

Rúa Fotógrafo Luis Hsado nº17, ofic. 12. C.P. 36209. Vigo. Pontevedra. CIF: G36645133.

Presidente: [presidentefedgal@gmail.com](mailto:presidentefedgal@gmail.com) - 630 432 524

Secretaría administrativa: [secretaria.fegabad@gmail.com](mailto:secretaria.fegabad@gmail.com) - 627 19 33 86

Competicións e árbitros: [torneos.fegabad@gmail.com](mailto:torneos.fegabad@gmail.com)

Información: [1971badgal@gmail.com](mailto:1971badgal@gmail.com)

[www.badmintongalicia.com](http://www.badmintongalicia.com)



FESBA non tivo flexibilidade para con os seus intereses de representación ou os dos seus patrocinadores.

- Tamén son éxitos galegos os das participacións dos nosos deportistas aínda que representen outros clubs ou federacións. Destacouse así que debemos sentir como éxito a vitoria na Copa de Europa onde Lucía xogou cun club de Milán. Tamén o importante número de metais que Jacobo e Lucía, e antigos deportistas do CGTD, tiveron nos Juegos Panamericanos.

Doutra banda, o Presidente falou dos grandes proxectos en Camiño e, nomeadamente, do Campionato de Europa Sénior de 2026 que terá lugar en Ourense. A organización xa comezou a traballar coa recepción da visita de Alberto Carazo ás instalacións ou a reunión multi-banda con ExpoOurense, Athlos, FEGABAD e FESBA. Dende o punto de vista económico FESBA pide 600.000€ para que o evento poida organizarse e malia que parece que será difícil involucrar á Xunta de Galicia, a celebración do evento non debera ser un perigo económico para FEGABAD. O Presidente destacou que precisárase un amplo número de persoas voluntarias, sendo, se cadra, a parte máis complexa da organización.

O Presidente finalizou o seu discurso realizando unha crítica a bono deporte e explicando as conversas mantidas coa Xunta de Galicia na que se pediu a convocatoria de axudas para equipamentos e un maior apoio para clubs e federacións, as verdadeiras articulados do deporte.

## ***Federación Galega de Bádminton***

Rúa Fotógrafo Luis Hsado nº17, ofic. 12. C.P. 36209. Vigo. Pontevedra. CIF: G36645133.

Presidente: [presidentefedgal@gmail.com](mailto:presidentefedgal@gmail.com) - 630 432 524

Secretaría administrativa: [secretaria.fegabad@gmail.com](mailto:secretaria.fegabad@gmail.com) - 627 19 33 86

Competicións e árbitros: [torneos.fegabad@gmail.com](mailto:torneos.fegabad@gmail.com)

Información: [1971badgal@gmail.com](mailto:1971badgal@gmail.com)

[www.badmintongalicia.com](http://www.badmintongalicia.com)

### **3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS CONTAS ANUAIS AUDITADAS DO EXERCICIO 2021-2022.**

Rodrigo Sanjurjo (Presidente) realizou a lectura do informe de auditoría que tamén se remitiu por correo electrónico.

Posteriormente á lectura, o Presidente fixo unha análise na que comunicou que o informe positivo da auditoría permite corroborar que o diñeiro foi correctamente gastando dende o punto de vista contable; correspondendo á Asemblea decidir se o gasto foi realizado nos apartados desexados.

Xabier Ferreiro (contabilidade FEGABAD) explicou o exhaustivo proceso de auditoría: solicitáronse xustificantes e motivacións do gasto tanto de facturas voluminosas como de tickets de pequenas contías. A auditoría realízase do ano 2022, pero revísanse as contas de 2021 e 2023 (pode haber movementos dos anos contiguos que teñan vinculación coa contabilidade do 2022).

Xabier Ferreiro (contabilidade FEGABAD) tamén comentou a súa opinión sobre a distribución económica do orzamento de FEGABAD, facendo fincapé en que, na súa experiencia, é unha boa decisión que un gran porcentaxe do orzamento sexa en persoal. E deu os parabéns a distribución de gasto de FEGABAD.

Rodrigo Sanjurjo (Presidente) aludiu ao excedente do exercicio en 2021 que foi negativo (-11.637,29 €) e á recuperación do exercicio en 2022 que foi positivo (30.822,86 €). Algunhas federacións decidiron parar e non ter actividade durante a pandemia o que, nalgúns casos, permitiu a recuperación económico. FEGABAD decidiu manter a súa actividade e traballar o que implicou algúns gastos e perdas no aspecto económico, pero son o berce dos éxitos deportivos na actualidade.

Despois da explicación da documentación ábrese a quenda de consultas.

### ***Federación Galega de Bádminton***

Rúa Fotógrafo Luis Hsado nº17, ofic. 12. C.P. 36209. Vigo. Pontevedra. CIF: G36645133.

Presidente: [presidentefedgal@gmail.com](mailto:presidentefedgal@gmail.com) - 630 432 524

Secretaría administrativa: [secretaria.fegabad@gmail.com](mailto:secretaria.fegabad@gmail.com) - 627 19 33 86

Competicións e árbitros: [torneos.fegabad@gmail.com](mailto:torneos.fegabad@gmail.com)

Información: [1971badgal@gmail.com](mailto:1971badgal@gmail.com)

[www.badmintongalicia.com](http://www.badmintongalicia.com)

Juan Fernández (Deportistas) consulta polo significado de debedores e pide un estado das contas de cada club. Nuria Fernández (CP Athlos) únese á solicitude dun estado das contas por club. Xabier Ferreiro (contabilidade FEGABAD) contesta que máis de 28.000€ das débedas con FEGABAD proceden de FESBA e que, para o vindeiro ano, intentará preparar a documentación solicitada.

Juan Fernández (Deportistas) consulta polo detalle da baixada de inversión en salarios. Xabier Ferreiro (contabilidade FEGABAD) e Rodrigo Sanjurjo (Presidente) explican que a redución de costes ven vinculada ao pago de unha nómina menos (preparador físico) e noutros casos á redución de gasto.

Juan Fernández (Deportistas) solicita para a vindeira rendición de contas unha presentación máis detallada, con partidas máis concretas de gasto. Xabier Ferreiro (contabilidade FEGABAD) explica que a nivel contable non é posible.

Sométese a votación as contas anuais auditadas do exercicio 2021:

- Votos a favor: 15
- Votos en contra: 0
- Abstencións: 4

Sométese a votación as contas anuais auditadas do exercicio 2022:

- Votos a favor: 15
- Votos en contra: 0
- Abstencións: 4

## ***Federación Galega de Bádminton***

Rúa Fotógrafo Luis Hsado nº17, ofic. 1º. C.P. 36209. Vigo. Pontevedra. CIF: G36645133.

Presidente: [presidentefedgal@gmail.com](mailto:presidentefedgal@gmail.com) - 630 432 524

Secretaría administrativa: [secretaria.fegabad@gmail.com](mailto:secretaria.fegabad@gmail.com) - 627 19 33 86

Competicións e árbitros: [torneos.fegabad@gmail.com](mailto:torneos.fegabad@gmail.com)

Información: [1971badgal@gmail.com](mailto:1971badgal@gmail.com)

[www.badmintongalicia.com](http://www.badmintongalicia.com)



#### **4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ORZAMENTO DO ANO 2024.**

Entregouse unha copia impresa do orzamento a todas as persoas asistentes, xunto co convenio para 2024 entre Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia e FEGABAD. Na data de celebración da Asemblea non temos recibido o diñeiro, pero si foi estipulada a dotación económica (suben a contía 3.000€). Espérase recibir o ingreso dos cartos a finais do mes de xaneiro.

Rodrigo Sanjurjo (Presidente) comenta o convenio económico coa Secretaría Xeral de Deporte da Xunta de Galicia e a distribución orzamentaria por apartados para o ano 2024. Preséntase tamén a evolución da contía da subvención.

Destácase:

- Solicitouse unha addenda para o Campionato de España Sénior de 1.000€
- Explícase o axuste do orzamento vinculado ao coñecemento do convenio coa Secretaría Xeral para o Deporte (subvencións á explotación).

Explícase a situación de tensión de caixa que vive a Federación no tránsito do peche do ano 2023 ao comezo do ano 2024 para pagar salarios e gastos de comezo de tempada. Indícase que está en estudo a solicitude dunha póliza para dotar de saldo para funcionar.

Juan Fernández (Deportistas) solicita que se se pide a póliza se informe á Asemblea. Rodrigo Sanjurjo (Presidente) explica que a póliza está en estudo mais que non foi contratada. Será informado se procede.

Nuria Fernández (CP Athlos) solicita que os pagos a FESBA da tempada 2024 resten do que nos deben da tempada 2023 para non ter eses gastos. Rodrigo Sanjurjo (Presidente) explica que dende o punto de vista contable non é adecuado este procedemento, pero que esperamos non abonar FESBA gastos de 2024 ata cobrar o debido de 2023

### ***Federación Galega de Bádminton***

Rúa Fotógrafo Luis Hsado nº17, ofic. 12. C.P. 36209. Vigo. Pontevedra. CIF: G36645133.

Presidente: [presidentefedgal@gmail.com](mailto:presidentefedgal@gmail.com) - 630 432 524

Secretaría administrativa: [secretaria.fegabad@gmail.com](mailto:secretaria.fegabad@gmail.com) - 627 19 33 86

Competicións e árbitros: [torneos.fegabad@gmail.com](mailto:torneos.fegabad@gmail.com)

Información: [1971badgal@gmail.com](mailto:1971badgal@gmail.com)

[www.badmintongalicia.com](http://www.badmintongalicia.com)

Vicente Sánchez (BC Coruña - Oleiros) solicita pensar ben onde emprazar as competicións. Rodrigo Sanjurjo (Presidente) responde que esta tempada fíxose un esforzo por establecer criterios ao respecto desta cuestión, mais tamén sostén que hai que garantir o dereito de todos os clubs a organizar eventos.

Juan Fernández (Deportistas) solicita procurar o aumento do orzamento mediante recursos de outras entidades públicas e privadas (Deputacións, Ence...). Rodrigo Sanjurjo (Presidente) responde que parte do traballo do administrativo será a elaboración dun documento para a procura de patrocinios (especialmente patrocinio privado).

Nuria Fernández (CP Athlos) solicita que se elabore un protocolo de como proceder cos pagos a FEGABAD. Xabier Ferreiro (contabilidade FEGABAD) explica que o desexable é que as facturas emitidas a nome de un club sexan abonadas dende unha conta do club polo mesmo importe indicado na factura. Rodrigo Sanjurjo (Presidente) indica que a administrativa encargárase de elaborar e enviar dito protocolo e outra documentación que proceda.

Sométese a votación o orzamento de 2023:

- Votos a favor: 16
- Votos en contra: 2
- Abstencións: 1

Sométese a votación o orzamento de 2024:

- Votos a favor: 16
- Votos en contra: 2
- Abstencións: 1

## ***Federación Galega de Bádminton***

Rúa Fotógrafo Luis Hsado nº17, ofic. 12. C.P. 36209. Vigo. Pontevedra. CIF: G36645133.

Presidente: [presidentefedgal@gmail.com](mailto:presidentefedgal@gmail.com) - 630 432 524

Secretaría administrativa: [secretaria.fegabad@gmail.com](mailto:secretaria.fegabad@gmail.com) - 627 19 33 86

Competicións e árbitros: [torneos.fegabad@gmail.com](mailto:torneos.fegabad@gmail.com)

Información: [1971badgal@gmail.com](mailto:1971badgal@gmail.com)

[www.badmintongalicia.com](http://www.badmintongalicia.com)

## 5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MEMORIA DEPORTIVA DA TEMPADA 2023.

Carmen Denébola (Eventos e Árbitros FEGABAD) presenta a memoria deportiva que foi remitida por correo electrónico.

En relación aos eventos organizados en Galicia preséntase a análise de datos: celebrándose 32 eventos en 18 localizacións diferentes, cuxa distribución territorial é diversa mais cunha maioría de eventos na provincia de Pontevedra (especialmente na comarca de Vigo), seguida da Coruña e unha menor presenza nas provincias de Ourense e Lugo. Durante a tempada 2023 participaron 49 clubs en eventos territoriais de Galicia.

En canto aos éxitos deportivos, destácase o número de medallas a nivel nacional logrando 27 medallas de ouro en campionatos de España en todas as categorías de idade, 12 pratas e 24 bronces. Tamén se presenta os logros e distribución de medallas en campionatos internacionais de categoría júnior e absoluta.

Na memoria deportiva de 2023 non se fai alusión ao colectivo arbitral, pero na presentación deste punto da orde do día da Asemblea quixéronse destacar tres novidades que axudan ao crecemento do equipo arbitral de Galicia:

- 12 persoas lograron o título de Árbitro de Pista Nivel I
- 2 persoas lograron o título de Xuíz Árbitro Nacional
- 1 persoa logrou a habilitación nacional como Formador de Match Control

Rodrigo Sanjurjo (Presidente) comenta que proximamente pecharanse todos os trámites do Curso de Técnico Nivel I, mais que todas as persoas que realizaron o curso de técnico Nivel I non deberían ter problema para tramitar a súa licenza e indica que se alguén ten dificultades escriba a [secretaria.fegabad@gmail.com](mailto:secretaria.fegabad@gmail.com). Unha vez finalizados todos os trámites está prevista a organización dun curso de Técnico Nivel II organizado por Jesús Pereiro.

### ***Federación Galega de Bádminton***

Rúa Fotógrafo Luis Hsado nº17, ofic. 1º. C.P. 36209. Vigo. Pontevedra. CIF: G36645133.

Presidente: [presidentefedgal@gmail.com](mailto:presidentefedgal@gmail.com) - 630 432 524

Secretaría administrativa: [secretaria.fegabad@gmail.com](mailto:secretaria.fegabad@gmail.com) - 627 19 33 86

Competicións e árbitros: [torneos.fegabad@gmail.com](mailto:torneos.fegabad@gmail.com)

Información: [1971badgal@gmail.com](mailto:1971badgal@gmail.com)

[www.badmintongalicia.com](http://www.badmintongalicia.com)

Víctor Lemos (CB Ponteareas) solicita a organización dun curso de match control. Javier Cartón (CD Hydra) comentan que tamén están interesados. Carmen Denébola (eventos FEGABAD) anota a solicitude e queda responsabilizada de ver os trámites a realizar, mais solicita paciencia a Asemblea (finalizar os procesos do curso de técnico Nivel I antes de tramitar a solicitude de match control).

Sométese a votación a memoria deportiva de 2023:

- Votos a favor: 19
- Votos en contra: 0
- Abstencións: 0

## ***Federación Galega de Bádminton***

Rúa Fotógrafo Luis Hsado nº17, ofic. 18. C.P. 36209. Vigo. Pontevedra. CIF: G36645133.

Presidente: [presidentefedgal@gmail.com](mailto:presidentefedgal@gmail.com) - 630 438 524

Secretaría administrativa: [secretaria.fegabad@gmail.com](mailto:secretaria.fegabad@gmail.com) - 627 19 33 86

Competicións e árbitros: [torneos.fegabad@gmail.com](mailto:torneos.fegabad@gmail.com)

Información: [1971badgal@gmail.com](mailto:1971badgal@gmail.com)

[www.badmintongalicia.com](http://www.badmintongalicia.com)

## 6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA NORMATIVA DE RÉXIME INTERNO PARA A TEMPADA 2024.

Carmen Denébola (Eventos FEGABAD) presenta as principais novidades recollidas no regulamento de réxime interno e aqueles aspectos a destacar ou recordar. O documento obxecto de votación foi remitido por correo electrónico aos membros da Asemblea.

Entre as novidades presentadas atópase a firma dunha póliza de seguro de accidentes deportivos cunha nova entidade (Mutuacat). A documentación e protocolos en caso de accidente será remitida por correo electrónico a todos os clubs galegos. Dende FEGABAD solicítase aos clubs que sempre que tramiten un parte de accidentes o poñan en coñecemento de FEGABAD. Recordouse tamén a importancia de seguir o protocolo do seguro deportivo 6-16 de XOGADE e explícase a inclusión do novo sistema de autorización para garante da FEGABAD. Juan Fernández (Deportistas) solicita recibir o documento xenérico para a autorización familiar de deportistas con seguro XOGADE.

Explicouse o proceso de tramitación de licenzas e deuse por concluído o período especial. A partir de agora tramitaranse licenzas os mércores. Preséntase a proposta de tarifas de licenzas para a tempada 2024, indicase que FEGABAD precisaba (e así o comunicou na Asemblea anterior) un aumento do custo de licenzas por mor da subida de custes e o crecemento federativo, se ben finalmente non haberá modificacións na contía final a pagar (salvo excepcións) grazas á redución do custo do seguro. A facturación realizarase nas próximas semanas unha vez aprobadas as tarifas do RRI. Solicítase aos clubs celeridade no abono para tratar de paliar a situación de tensión de caixa.

Juan Fernández (Deportistas) solicita a modificación do artigo 2.3.D eliminando ou cambiando a referencia a 5€ que non coincide coa tarifa presentada para licenzas de promoción. Juan Fernández (Deportistas) solicita tamén a posibilidade de que os que o desexen poidan modificar as súas licenzas de territorial a promocional. Rodrigo Sanjurjo (Presidente) indica que non debera haber problema. Carmen Denébola (administrativa)

### ***Federación Galega de Bádminton***

Rúa Fotógrafo Luis Hsado nº17, ofic. 1º. C.P. 36209. Vigo. Pontevedra. CIF: G36645133.

Presidente: [presidentefedgal@gmail.com](mailto:presidentefedgal@gmail.com) - 630 432 524

Secretaría administrativa: [secretaria.fegabad@gmail.com](mailto:secretaria.fegabad@gmail.com) - 627 19 33 86

Competicións e árbitros: [torneos.fegabad@gmail.com](mailto:torneos.fegabad@gmail.com)

Información: [1971badgal@gmail.com](mailto:1971badgal@gmail.com)

[www.badmintongalicia.com](http://www.badmintongalicia.com)

solicita aos clubs interesados en facer este cambio que o comuniquen na vindeira semana por e-mail a [secretaria.fegabad@gmail.com](mailto:secretaria.fegabad@gmail.com)

Jorge García (Bádminton Cíes) indica que a tarifa territorial con seguro federativo na tempada 2023 foron 35€. Proponse manter na tempada 2024 a mesma contía: 35€.

Juan Fernández (Deportistas) consulta sobre o cambio de prezo da cota FEGABAD. Carmen Denébola (Eventos FEGABAD) explica o vínculo entre a tarifa, o cambio de cota do seguro e a diferenza entre seguro federativo e seguro XOGADE. O que crea a diferenza. Explícase que as persoas que tramitan varias licencias pagan o seguro federativo nunha única ocasión, a Asemblea solicita mellorar a redacción neste aspecto.

Preséntase o listado de tarifas de inscricións en eventos. Rodrigo Sanjurjo (Presidente) explica a diferenza de prezo de inscrición entre as categorías inferiores xustificando no prezo do volante e no número de volantes usado por partido entre categorías menores (Sub 9, Sub 11, Sub 13 e Sub 15) e categorías maiores (Sub 17 e Sub 19).

Juan Fernández (Deportistas) indica que as tarifas de inscrición en eventos para a categoría Sub-17 é discrepante no documento. Solicita que se revise e unifique.

Debátese sobre o incremento en categorías Sub 23, Absoluta e Sénior. Acórdase mantelo como na proposta presentada.

A Asemblea propón poñer unha cota de 5€ para os deportistas que veñen a xogar de fóra de Galicia. Javier Cartón (CD Hydra) propón recoller que figure “agás convenio recíproco”.

Juan Fernández (Deportistas) solicita modificar a redacción do prezo de quilometraxe, recoller “segundo a lexislación vixente” no lugar dun prezo concreto.

## **Federación Galega de Bádminton**

Rúa Fotógrafo Luis Hsado nº17, of. 10. C.P. 36209. Vigo. Pontevedra. CIF: G36645133.

Presidente: [presidentefedgal@gmail.com](mailto:presidentefedgal@gmail.com) - 630 432 524

Secretaría administrativa: [secretaria.fegabad@gmail.com](mailto:secretaria.fegabad@gmail.com) - 627 19 33 86

Competicións e árbitros: [torneos.fegabad@gmail.com](mailto:torneos.fegabad@gmail.com)

Información: [1971badgal@gmail.com](mailto:1971badgal@gmail.com)

[www.badmintongalicia.com](http://www.badmintongalicia.com)

Nuria Fernández (CP Athlos) solicita que as medallas, en caso de habelas, podan entregarse en calquera momento durante a competición e non necesariamente ao final. Ou que se prohiba a súa entrega. Jorge García (Bádminton Cíes) indica as dificultades de entrega durante a competición. Ana Durán (Árbitros) recorda a obrigatoriedade de medallas nas categorías Sub9 e Sub11.

Sométese a votación o Regulamento de Réxime Interno para a tempada 2024 con os cambios previamente nomeados:

- Votos a favor: 17
- Votos en contra: 0
- Abstencións: 2

## ***Federación Galega de Bádminton***

Rúa Fotógrafo Luis Hsado nº17, ofic. 1º. C.P. 36209. Vigo. Pontevedra. CIF: G36645133.

Presidente: [presidentefedgal@gmail.com](mailto:presidentefedgal@gmail.com) - 630 432 524

Secretaría administrativa: [secretaria.fegabad@gmail.com](mailto:secretaria.fegabad@gmail.com) - 627 19 33 86

Competicións e árbitros: [torneos.fegabad@gmail.com](mailto:torneos.fegabad@gmail.com)

Información: [1971badgal@gmail.com](mailto:1971badgal@gmail.com)

[www.badmintongalicia.com](http://www.badmintongalicia.com)

## 7.- PROGRAMAS DE PROMOCIÓN, TECNIFICACIÓN, CGTD, SBC.

Rafael Vázquez (Área Técnica) explica a memoria de mentorías e todas as tarefas realizadas durante a tempada 2023, resultando a Federación Territorial con máis actividade neste ámbito o que foi recollido dende a Área Deportiva de FESBA e espérase un incremento do percibido a tempada anterior. Son axudas que destínanse principalmente a formación.

Preséntase tamén o proxecto CGTD para a tempada 2024. Dende o equipo da área deportiva (corpo técnico e médico), os obxectivos e grandes citas (xunto coa proposta de participación en eventos nacionais e internacionais para conseguido) e unha comparativa de resultados. Debido ás incorporacións en Blume durante a tempada 2023, espérase recibir nesta tempada un ingreso de aproximadamente 15.000€.

Entre os proxectos deportivos para a tempada 2024 preséntanse cinco grandes grupos:

- un grupo de deportistas do programa SBC especialmente orientado á formación e no que procúrase chegar ao máximo número de adestradores e consecuentemente de deportistas;
- o grupo de seguimento para deportistas en categorías Sub13, Sub15, Sub17 e Sub19;
- as concentracións e adestramentos especialmente dirixidos ás seleccións galegas
  - Nas categorías de idade escolar hai situacións diferentes, temos mellor equipo e máis posibilidades en categoría Sub17 que en categoría Sub15.
  - En relación á categoría absoluta está en estudo facer tamén convocatorias da selección, posiblemente organícese unha comisión técnica para valorar a súa convocatoria.
- o grupo do CGTD con todo o persoal que traballa en paralelo con todo o resto de grupos;
- o grupo sénior: durante a tempada 2023 non foi posible facer convocatorias porque o tema está parado e non parece haber interese no colectivo. Na presente tempada

### ***Federación Galega de Bádminton***

Rúa Fotógrafo Luis Hsado nº17, ofic. 12. C.P. 36209. Vigo. Pontevedra. CIF: G36645133.

Presidente: [presidentefedgal@gmail.com](mailto:presidentefedgal@gmail.com) - 630 432 524

Secretaría administrativa: [secretaria.fegabad@gmail.com](mailto:secretaria.fegabad@gmail.com) - 627 19 33 86

Competicións e árbitros: [torneos.fegabad@gmail.com](mailto:torneos.fegabad@gmail.com)

Información: [1971badgal@gmail.com](mailto:1971badgal@gmail.com)

[www.badmintongalicia.com](http://www.badmintongalicia.com)



dende o equipo do CGTD están abertos á planificar estas concentracións se houbera interese nos deportistas sénior, pero é necesario unha persoa que se encargue da coordinación.

Rodrigo Sanjurjo (Presidente) comenta que sería especialmente interesante que puidera saír a diante as actividades para o colectivo sénior pensando no Campionato de Europa 2026 que terá lugar en Ourense.

Rafael Vázquez (Área técnica) ofrécese de intermediario entre o coordinador do programa sénior e o corpo técnico / FEGABAD. Indica que ao persoal técnico habería que pagarlle, depende do número de inscritos, mais podería estimarse uns 5€ por participante.

Javier Cartón (CD Hydra) ofrece o pavillón do seu club en Teixeira para facer as concentracións sénior en sábados.

Nuria Fernández (CP Athlos) comenta que actualmente é representante en Planeta Sénior de FESBA e que prefire non tomar máis responsabilidades, pero que se non houbera ninguén ofrécese. Algúns membros da Asemblea propoñen a Juan Fernández (Deportistas) como candidato para coordinador sénior, ao que Juan Fernández (Deportistas) indica que precisa pensalo.

Juan Fernández (Deportistas) fai referencia aos comentarios sobre o técnico de Cíes na memoria de mentorías e xustifica que, dunha banda, o técnico traballa e non ten capacidade de atender as demandas do programa e, doutra banda, o equipo conta con poucas horas de pavillón que ademais son compartidas con outros deportes. Jorge García (Cíes) indica que tamén está a realizar moitas horas de promoción XOGADE.

Vicente Sánchez (BC Coruña-Oleiros) sinala que o seu club atópase na mesma situación e teñen falta de continuidade nos adestramentos (as súas escolas teñen 2 sesións de 45

## ***Federación Galega de Bádminton***

Rúa Fotógrafo Luis Hsado nº17, ofic. 12. C.P. 36209. Vigo. Pontevedra. CIF: G36645133.

Presidente: [presidentefedgal@gmail.com](mailto:presidentefedgal@gmail.com) - 630 432 524

Secretaría administrativa: [secretaria.fegabad@gmail.com](mailto:secretaria.fegabad@gmail.com) - 627 19 33 86

Competicións e árbitros: [torneos.fegabad@gmail.com](mailto:torneos.fegabad@gmail.com)

Información: [1971badgal@gmail.com](mailto:1971badgal@gmail.com)

[www.badmintongalicia.com](http://www.badmintongalicia.com)

minutos cada unha, con deportistas que ás veces repiten e outras veces non). Indica que non entran no programa porque non cumpren os requisitos.

Rafael Vázquez (área técnica) propón que as promocións que fagan lles dean visibilidade e as conten en redes sociais (que envíen fotografías e información a Enrique Rodríguez). Jorge García (CB Cíes) indica que son actividades que non realiza como club, senón contratado pola Deputación Provincial e, polo tanto, tería que pedir permiso para que se poida difundir nas redes sociais de FEGABAD.

Rafael Vázquez (área técnica) sinala que participar no programa de mentorías non é unha obriga, é un programa que creouse para axudar aos técnicos. Poden facilitarse recursos para diferentes niveis e necesidades, incluíndo iniciación. Se os clubs comunican as súas dificultades e necesidades durante o ano, quizais, a área técnica poda axudar. Mais ninguén ten que sentirse obrigado, o propio Rafael Vázquez indica que realiza as mentorías no seu tempo libre porque lle gusta facelo, pero agrádalle sentir que hai feedback.

Jesús Pereiro (CB A Estrada) consulta pola posibilidade de charlas individuais co psicólogo e pola confirmación da contratación de Carlos Rubio como preparador físico. Rafael Vázquez (área técnica) explica os méritos de Carlos Rubio e indica que sería unha gran incorporación para o bádminton galego, se ben a súa colaboración non está confirmada. A idea é que poida impartir algunhas charlas e ter feedback con el a través de vídeos. A súa incorporación está vinculada á preparación de dúas deportistas, pero pode facerse asesoría para un grupo máis extenso.

## ***Federación Galega de Bádminton***

Rúa Fotógrafo Luis Hsado nº17, ofic. 1º. C.P. 36209. Vigo. Pontevedra. CIF: G36645133.

Presidente: [presidentefedgal@gmail.com](mailto:presidentefedgal@gmail.com) - 630 432 524

Secretaría administrativa: [secretaria.fegabad@gmail.com](mailto:secretaria.fegabad@gmail.com) - 627 19 33 86

Competicións e árbitros: [torneos.fegabad@gmail.com](mailto:torneos.fegabad@gmail.com)

Información: [1971badgal@gmail.com](mailto:1971badgal@gmail.com)

[www.badmintongalicia.com](http://www.badmintongalicia.com)

## 8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA NORMATIVA DE EVENTOS E CALENDARIO GALEGO 2024.

Carmen Denébola (Eventos FEGABAD) presenta as normativas para a tempada 2024 vinculadas con eventos: Galicia competicións puntuables para o ránking nacional. Normativa Reguladora. Tempada 2024; Campionatos Galegos. Normativa Reguladora. Tempada 2024; e Liga Promesas de Galicia. Normativa Reguladora. Tempada 2024.

Jorge García (Cíes) solicita que as aprobacións realizadas en Comisión Delegada se envíen a todos os clubs (en relación á medida aprobada pola Comisión Delegada durante a tempada 2023 sobre inscricións extraordinarias).

Jorge García (Cíes) cuestiona o artigo referente a inscrición fóra de prazo especialmente unha vez publicada a inscrición e indica que pode haber xente que o use no seu favor, tamén indica que se comuniquen a FESBA as incompatibilidades na normativa para evitar problemas. Carmen Denébola (Eventos FEGABAD) indica que FESBA non aproba nin rexeita normativas territoriais, mais que xa se lles ten enviado a normativa para o seu coñecemento e non fixeron ningunha alegación. No caso da excepción do artigo 4.4.2. indícase que só se aceptan modificacións á inscrición de deportistas que estivesen inscritos na competición, en tempo e forma, nalgunha proba. Entendendo isto como unha demostración de intención de inscrición e que a modificación atende realmente a un erro humano e non a unha estratexia. Pablo Méndez (CB As Neves) consulta se executouse moitas veces esta excepción. Carmen Denébola (Eventos FEGABAD) explica que antes da existencia da medida dábanse moitos casos de erros e dende a súa existencia o número de casos é excepcional.

Juan Fernández (Deportistas) solicita a modificación da redacción da normativa dos campionatos galegos no punto 4.2., debendo facer alusión ao apartado 4.1.a.; e do artigo 9.2., empregando a expresión “data de recepción” no lugar de “data de emisión”.

### ***Federación Galega de Bádminton***

Rúa Fotógrafo Luis Hsado nº17, ofic. 12. C.P. 36209. Vigo. Pontevedra. CIF: G36645133.

Presidente: [presidentefedgal@gmail.com](mailto:presidentefedgal@gmail.com) - 630 432 524

Secretaría administrativa: [secretaria.fegabad@gmail.com](mailto:secretaria.fegabad@gmail.com) - 627 19 33 86

Competicións e árbitros: [torneos.fegabad@gmail.com](mailto:torneos.fegabad@gmail.com)

Información: [1971badgal@gmail.com](mailto:1971badgal@gmail.com)

[www.badmintongalicia.com](http://www.badmintongalicia.com)

Juan Fernández (Deportistas) solicita a modificación da normativa reguladora das competicións puntuables no anexo 1. artigo 5 eliminando a segunda frase que di “incluíndo as parellas formadas por deportistas de dous clubs diferentes”. Carmen Denébola (eventos FEGABAD) indica que esta redacción non é unha incorporación desta tempada pero entende que é desexable a súa eliminación. Enténdese tamén que a supresión debe aplicarse no anexo 3, artigo 6.

Jorge García (Cíes) solicita que no artigo 13.2. da normativa fágase alusión á data de convocatoria e non aos 45 días de antelación. Carmen Denébola (eventos FEGABAD) indica que o tempo de convocatoria normativizado por FESBA son os 45 días, enténdese que aínda que FEGABAD publique con antelación a esa data as competicións o organizador local disporá do tempo establecido (45 días de antelación) e nos casos en que FEGABAD publique con posterioridade a esa data o organizador local disporá de tempo ata o momento da publicación da convocatoria.

Jorge García (Cíes) solicita que se inclúa na normativa que o calendado é realizado pola CAGB.

Juan Fernández (Deportistas) consulta cal é o sistema de puntuación da Liga Promesas. Por acordo da Asemblea determínase 5 xogos de 11 puntos.

Sométese a votación a normativa reguladora dos Campionatos Galegos para a tempada 2024 con os cambios previamente aceptados:

- Votos a favor: 17
- Votos en contra: 0
- Abstencións: 2

Sométese a votación a normativa reguladora das Galicia Competicións Puntuables ao Ránking Nacional para a tempada 2024 con os cambios previamente aceptados:

- Votos a favor: 17

## ***Federación Galega de Bádminton***

Rúa Fotógrafo Luis Hsado nº17, ofic. 1º. C.P. 36209. Vigo. Pontevedra. CIF: G36645133.

Presidente: [presidentefedgal@gmail.com](mailto:presidentefedgal@gmail.com) - 630 432 524

Secretaría administrativa: [secretaria.fegabad@gmail.com](mailto:secretaria.fegabad@gmail.com) - 627 19 33 86

Competicións e árbitros: [torneos.fegabad@gmail.com](mailto:torneos.fegabad@gmail.com)

Información: [1971badgal@gmail.com](mailto:1971badgal@gmail.com)

[www.badmintongalicia.com](http://www.badmintongalicia.com)

→ Votos en contra: 0

→ Abstencións: 2

Carmen Denébola (Eventos FEGABAD) procede a presentar o calendario de FEGABAD e as propostas de adjudicación. En primeiro lugar coméntase que nesta tempada existen tres formas de descarga do calendario: o formato habitual en Excel no que se poden ver todas as datas e competicións a nivel galego, nacional e internacional; o formato calendario descargable no que se pode ver a información das competicións galegas e das nacionais e internacionais disputadas fóra de Galicia por interese dos clubs ou deportistas galegos; e o formato calendario de Google no que se poden ver as competicións celebradas en Galicia con avisos. Neste último caso existe unha guía para a inclusión no calendario persoal.

Preséntanse os criterios para distribuír e crear o calendario da tempada 2024, así como outros aspectos a ter en conta. Destácase a necesidade de non celebrar máis de un evento por fin de semana e deixar cando menos unha fin de semana sen competición ao mes (tanto por necesidades do equipo arbitral, como o beneficio que supón para a convocatoria de concentracións ou formacións en sábado). Tendo en conta os ocos libres que quedan no calendario unha vez fixados os eventos nacionais que se disputan en Galicia, FEGABAD incluíu no calendario os máster territoriais (N6) e os campionatos galegos; en ambos casos celébrase un por categoría. Ademais convócanse eventos por equipos (Copa Galicia e Liga Promesas) e eventos promocionais (dous territoriais N8 e un non puntuable). Os eventos de nivel 7 (TOP TTR) serán incluídos no calendario a solicitude dos clubs (tendo en conta os criterios e os aspectos a ter en conta sinalados na presentación).

Jorge García (Cíes) consulta por que os eventos promocionais non son de categoría N7. Carmen Denébola (Eventos FEGABAD) indica que os requisitos mínimos de organización son diferentes entre a categoría N7 e as categorías N8 e N9. Tamén como estratexia para enfocalo a deportistas de iniciación.

## ***Federación Galega de Bádminton***

Rúa Fotógrafo Luis Hsado nº17, ofic. 12. C.P. 36209. Vigo. Pontevedra. CIF: G36645133.

Presidente: [presidentefedgal@gmail.com](mailto:presidentefedgal@gmail.com) - 630 432 524

Secretaría administrativa: [secretaria.fegabad@gmail.com](mailto:secretaria.fegabad@gmail.com) - 627 19 33 86

Competicións e árbitros: [torneos.fegabad@gmail.com](mailto:torneos.fegabad@gmail.com)

Información: [1971badgal@gmail.com](mailto:1971badgal@gmail.com)

[www.badmintongalicia.com](http://www.badmintongalicia.com)

Jorge García (Cíes) solicita que se estableza un sistema de competición que garanta que poidan xogar e que non boten todo o día. Nuria Fernández (CP Athlos) indica que poden dividirse por categorías (uns xogan pola mañá e outros xogan pola tarde).

Juan Fernández (Deportistas) solicita que todos os N6 sexan antes do Campionato de España correspondente. Carmen Denébola (Eventos FEGABAD) explica que realizouse un análise xunto á área técnica para revisar en que casos interesaba que fose primeiro o N6 ou primeiro o campionato galego. Tendo en conta os criterios indicados e a análise realizada tratouse de facer unha distribución o máis axeitada posible, se ben, tendo en conta que hai competicións que por normativa teñen que ser no primeiro trimestre do ano, que algúns eventos nacionais celebrados en Galicia son tamén ao comezo de tempada e veñen fixadas as datas por FESBA e que algúns campionatos de España son moi cedo este ano, non resultou posible en todos os casos. Se ben o feito de que nun caso o evento N6 sexa posterior ao campionato de España tamén serve de cara a preparar a seguinte tempada (se distribuimos adecuadamente na tempada 2025, os deportistas poderán estar puntuando dous N6 antes do campionato de España de 2025). En todo caso, se hai algunha proposta alternativa durante a Asemblea é o momento de propoñela para poder debatilo.

Rodrigo Sanjurjo (Presidente) comenta o acordo de celebración da competición de Liga de 2ª Territorial organizada pola federación asturiana e as datas que se barallan para a súa celebración.

Gabriel Fernández (CB Ravachol Pontevedra) solicita que se revise a data do galego absoluto que coincide coa final de Liga de División de Honor (podería existir a posibilidade de que CB Ravachol Pontevedra disputase este evento). Carmen Denébola (Eventos FEGABAD) queda encargada de dita revisión.

A Asemblea amosa confusión coa nomenclatura dos TTR escolares (N8) porque non é un evento escolar (do tipo XOGADE), mais tampouco se pode empregar a nomenclatura

## ***Federación Galega de Bádminton***

Rúa Fotógrafo Luis Hsado nº17, ofic. 1º. C.P. 36209. Vigo. Pontevedra. CIF: G36645133.

Presidente: [presidentefedgal@gmail.com](mailto:presidentefedgal@gmail.com) - 630 432 524

Secretaría administrativa: [secretaria.fegabad@gmail.com](mailto:secretaria.fegabad@gmail.com) - 627 19 33 86

Competicións e árbitros: [torneos.fegabad@gmail.com](mailto:torneos.fegabad@gmail.com)

Información: [1971badgal@gmail.com](mailto:1971badgal@gmail.com)

[www.badmintongalicia.com](http://www.badmintongalicia.com)

promocional (FESBA emprega esta nomenclatura para eventos N9). Acéptase o termo suxerido por Jorge Macía (Ourense Mestre Vide): “recreativo”.

Rodrigo Sanjurjo (CB As Pontes) ofrécese como organizador do Máster N2 Sénior.

Víctor Lemos (CB Ponteareas) solicita non ser organizador da Copa Galicia e solicita mudar a designación de Liga Promesas do CB Caselas ao CB Ponteareas.

Rubén Espinosa (Club del Mar) acepta organizar a Copa Galicia en A Coruña.

Marisa Giraldez (CB Tui) manifesta o seu interese por organizar máis eventos en Tui e solicita que Eventos FEGABAD remita un listado de datas posibles para solicitar TOP TTR N7.

## ***Federación Galega de Bádminton***

Rúa Fotógrafo Luis Hsado nº17, ofic. 12. C.P. 36209. Vigo. Pontevedra. CIF: G36645133.

Presidente: [presidentefedgal@gmail.com](mailto:presidentefedgal@gmail.com) - 630 432 524

Secretaría administrativa: [secretaria.fegabad@gmail.com](mailto:secretaria.fegabad@gmail.com) - 627 19 33 86

Competicións e árbitros: [torneos.fegabad@gmail.com](mailto:torneos.fegabad@gmail.com)

Información: [1971badgal@gmail.com](mailto:1971badgal@gmail.com)

[www.badmintongalicia.com](http://www.badmintongalicia.com)

## 9.- ROGOS E PREGUNTAS

Juan Fernández (Deportistas) indica que a información da Asemblea non chegou a varias persoas dos estamentos individuais e pide que se revisen os correos electrónicos.

Juan Fernández (Deportistas) solicita que se incorpore á web toda a información de transparencia. Indica que faltan actas e máis información.

Juan Fernández (Deportistas) agradece a Pablo Méndez (CB As Neves) que lle enviase a xustificación do TTR de Caselas. A secretaria administrativa indica que a federación remitiu un correo aos clubs participantes o 19 de outubro e posteriormente un correo personalizado coa explicación da compensación económica.

Finalizando o tratamento de todos os puntos da orde do día sendo as 14:59 horas, o Presidente da por finalizada a Asemblea Xeral Ordinaria agradecendo a asistencia de todas as persoas presentes.

Vº Bº Presidente  
RODRIGO SANJURJO POSE

Asinado Secretaria Xeral  
ANA BELEN DURAN MONTERO

### ***Federación Galega de Bádminton***

Rúa Fotógrafo Luis Hsado nº17, ofic. 1º. C.P. 36209. Vigo. Pontevedra. CIF: G36645133.

Presidente: [presidentefedgal@gmail.com](mailto:presidentefedgal@gmail.com) - 630 432 524

Secretaría administrativa: [secretaria.fegabad@gmail.com](mailto:secretaria.fegabad@gmail.com) - 627 19 33 86

Competicións e árbitros: [torneos.fegabad@gmail.com](mailto:torneos.fegabad@gmail.com)

Información: [1971badgal@gmail.com](mailto:1971badgal@gmail.com)

[www.badmintongalicia.com](http://www.badmintongalicia.com)